## Luz Casal e a Real Filharmonía de Galicia ofrecen un concerto no Teatro Real

**EFE**

SANTIAGO. A artista galega Luz Casal e a Real Filharmonía de Galicia volven unirse para ofrecer un concerto moi especial que se levará a cabo no Teatro Real de Madrid.

O espectáculo celebrarase o próximo luns 20 de xuño no marco do Universal Music Festival, e estará dirixido polo director César Guerrero, que fará un emocionante percorrido por algún dos temas máis coñecidos da cantante de Boimorto.

Este concerto, que contará coa participación da súa banda habitual e máis de sesenta músicos en escena, realizarase coa colaboración do Xacobeo 21-22.

O recital chega para poñer o colofón tras a publicación do álbum 'Solo una noche', que foi gravado en directo na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela durante o pasado 21 de xullo do ano 2021.

Este disco converteuse para a cantante-compositora no primeiro en directo despois de sacara ao mercado un total de 15 orixinais que se converteron en grandes éxitos.

Entre as obras coas que deleitará ao público madrileño neste concerto atópanse algúns dos éxitos máis recoñecidos de tódolos tempos da intérprete galega, como os títulos 'No me importa nada', 'Un nuevo día brillará' o 'Te dejé marchar'.



Presentación do libro Miss Marte, de Manuel Jabois, en Cortegada, onte. JOSÉ LUIZ OUBIÑA

# Cortegada respira natureza na presentación de Miss Marte de Jabois

▶ O polifacético escritor e xornalista volta a casa con motivo da cita 'Vilagarcía, Cidade de libro', na que amosou unhas pinceladas da que é a súa última novela

**SAMUEL CARDALDA**
vilagarcia@diariodepontevedra.es

CORTEGADA. A expedición procedente do peirao de Carril chegaba ó islote dividida en varios grupos pouco antes das 17.30 horas. Despois de dispor o espazo destinado para o acto comezou a presentación nun escenario rodeado de natureza que o propio Jabois definiu como «un sitio moi especial» logo de ter presentado libros «nunha cárcere», algo que para o escritor «non ten nin punto de comparación» coa illa arousana.

Unha vez situados nos seus postos de coloquio, presentouse ó xornalista coas seguintes verbas: «como dixo Alfonso Guerra, non se pode presentar é impresentable, dixo de alguén algunha vez. Non é o caso. Manuel Jabois Sueiro, alias o Recho (polo seu avó). Sanxenxo, 1978, que empezou o seu oficio de xornalista en Diario de Pontevedra, e como di o seu admirado Julio Camba, decidiu irse a Madrid»

E foi para a capital para, entre outras moitas cousas, escribir e contar historias como a de Miss Marte, protagonista do evento por ser un libro que parte da morriña dun pobo ficticio, Xaxebe, «alcumado así en referencia ao mal xeito de nomear a Sanxenxo», e que conta a aventura de Mai Lavinia, unha «atractiva moza cun punto de misterio, instalada neste punto de Galicia, e da que ninguén sabe de onde procede».

Trátase da última novela, que non o seu último libro, xa que hai unha colección de artigos moi recente nomeada Hay más cuernos en un buenas noches. Unha novela que nace «dunha historia que unha xornalista lle contou» á moza do autor, e unha peza na que «o primeiro parágrafo escrito non se atopa no resultado final». Ante a atenta mirada de varias decenas de espectadores, Jabois e o seu presentador non quixeron debullar máis da obra co fin de que os interesados continúen a historia adquirindo o propio libro.

## La protección de empresas frente a riesgos legales, a debate en el III Congreso Gallego de Compliance

**REDACCIÓN**

VIGO. Cerca de un centenar de personas asistieron ayer al III Congreso Gallego de Compliance, que se celebró en el Círculo de Empresarios de Galicia, con el objetivo de debatir sobre las principales tendencias sobre cumplimiento normativo y su implicación en la actividad empresarial.

En la inauguración del congreso participaron el director del Igape, Fernando Guldrís; el presidente de AGACOM y socio de Cremades & Calvo-Sotelo, Alberto García-Ramos; y el director general de QualityNova Consultores y director del Congreso; Diego Maraña; quienes coincidieron en destacar que contar con planes de Compliance en empresas y organizaciones es un aspecto esencial para garantizar su protección frente a posibles riesgos legales.




Maraña, Cebrián, Sofía Vázquez, Miguel Á. Rodríguez. y Julio Rguez. DP

En el evento participaron ponentes profesionales de referencia pertenecientes al entorno jurídico, académico, empresarial, de la administración y de la comunicación como Javier Cremades, fundador y presidente del bufete Cremades & Calvo Sotelo y presidente de la World Jurist Association; Juan Luis Cebrián, presidente de honor del periódico El País y miembro de la Real Academia Española; Juan Manuel Vieites, presidente de la Confederación de Empresarios de Galicia; Ignacio López-Chaves, presidente de la Comisión Gallega de la Competencia; Carlos Sancho, director de la unidad docente de temas jurídicos del IESE; Mayrata Conesa, manager compliance de AENOR; Alonso Hurtado, socio de las áreas de IT, Risk & Compliance y Ciberseguridad de ECIJA; o Patricia Iglesias, asesora jurídica del Consello Galego de Contas; entre otros.

En las diferentes ponencias se insistió en los beneficios que puede aportar un programa de Compliance en una empresa al mejorar sus procesos internos de detección de fraude y establecer prácticas éticas y sostenibles que contribuyen a incrementar la reputación de la firma.

En la sesión de tarde participaron Tesa Díaz-Faes, directora de comunicación y RRII de Grupo Nueva Pescanova; Rebeca Bezos, directora de comunicación de Bodegas Familiares Matarromera; Álvaro Bordas, consultor de comunicación; Miguel Ángel Rodríguez, director del Diario de Pontevedra; Julio Rodríguez, director de Atlántico Diario; y Sofía Vázquez, redactora jefe de opinión de La Voz de Galicia; que analizaron la importancia de la reputación corporativa y los efectos negativos que un conflicto penal puede causar a la imagen de una empresa u organización.

En este sentido, se puso en valor la importancia de contar con planes de comunicación de crisis que permitan reaccionar de manera organizada y evitar que la reputación empresarial y la credibilidad que se consiguen tras años de trabajo y esfuerzo puedan desaparecer en cuestión de horas.

El congreso fue clausurado por la delegada territorial de la Xunta de Galicia en Vigo, Marta Fernández-Tapias.